Continúa dicindo que volve a propoñer aquí que con estes cartos se faga o aparcamento do campo de fútbol, como xa propoñía o grupo de goberno, e logo volveuse atrás cas indicacións do grupo do BNG e de CXG, decidindo anular esa obra e non facela, din de facela en dous anos, non sabe se tal e como van as cousas estaremos aquí ou non estaremos, e eles van a votar en contra porque queren que se faga o aparcamento do campo de fútbol e quere que se lle pague a xente o alomenos que se lle empece a pagar a algún deles e evitar que sigan correndo os intereses e costas e que a débeda que xa é importante, cando se decida pagar, presuposto non hai, será un 25 ou 30 por cento mais, polo que lle parece prioritario, tanto o aparcamento como as sentencias.

Intervén polo grupo municipal de CxG a súa voceira dona María Xosé Alfonso Torres que dí que vista a recomendación feita polo departamento de intervención, que se comentou na Xunta de Voceiros e vendo a situación xerada por esta pandemia e pola situación do concello, se decantaron xa na Xunta de Voceiros para que se destinara todo a gasto corrente e manteñen a súa postura. Di que xa dixeron naquel momento que confiaban no criterio de intervención e que pensaba que coincidían os catro grupos municipais pero agora parece que só tres.

Con respecto a herdanza que deixaron dí que si que deixaron unha herdanza e foi a de crear o ambiente necesario que necesitaba o persoal para iniciar os trámites para regularizar as súas situacións, algo que ata que eles chegaron non acontecera, do cal se alegran e agardan que poidan cobrar canto antes.

En canto as obras, dí que por desgraza hai moitas obras necesarias e urxentes pero insiste que lles pareceu xa, na Xunta de Voceiros, co que eles vían e co que escoitaron aquí, que o máis sensato e destinar todo a gasto corrente, e agarda que o grupo de goberno cumpra co que dixo xa en máis dunha ocasión que era aproveitar este respiro poder facer fronte as necesidades novas da pandemia e tamén poder afrontar o arranxo dos parques infantís e beirarrúas que foi o que se comentou na Xunta de Voceiros e lle parecen actuacións moi necesarias, urxentes e importantes.

Intervén polo grupo municipal do BNG a súa voceira dona María Lago Lestón para dicir que por alusións vai a contestar á voceira do grupo municipal socialista que debe ter bastante pouca comunicación ca Deputación, porque un dos problemas da diminución da cantidade é a falta de execución dos proxectos. Aquí deixouse claro que de aprobarse o aparcamento non se podería comenza ata dentro dun par de anos por mor das licitacións de todas as obras anteriores, o cal levaría a un problema para xustificar os gastos . Di que sabe que non ten boa relación ca deputación pero eles non teñen a culpa. Pregunta á concelleira do grupo municipal socialista se é ela ao que lle responde que si e que era tan fácil como levantar o telefono e preguntar o porqué da diminución da cantidade do POS e vería que a falta de execución dos distintos POS, a súa baixa licitación nos concellos , fai que exista máis de 150 millóns a xustificar e que condiciona as axudas que chegan. Di que si se pospón unha obra, será máis difícil de xustificar para ó ano, e de ahí veñen as reducións. Di que ante unha obra que tería que comezar dentro dun par de anos, fronte a unha necesidade de liquidez que hai agora



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)


mesmo por unha pandemia, que non sabe si se da conta que vimos de dous meses nunha situación bastante excepcional como para poñer o aparcamento do campo de fútbol por riba das necesidades do concello, efectivamente se poñen en contra de aprobar ese proxecto agora, cando hai cousas tan necesarias por diante.

Continúa dicindo que como sempre defenderon a súa primeira opción era a de comezar co saneamento de Abelleira, creen que é demasiado necesario como para obvio, pero aínda así entenden a recomendación de intervención.

Intervén a señora alcaldesa dona María Inés Monteagudo Romero para dicir que a súa proposta é a ratificación dese decreto e que o debate sobre esas outras cuestións se poden facer noutro momento.

Volve a intervenir polo grupo municipal socialista a súa voceira dona Caridad González Cerviño para dicir por alusións que a señora do BNG non sabe como se leva cos meus compañeiros da Deputación e que ten que asumir que dixo claramente que votaría en contra si se invertía un peso mais no campo de fútbol de Muros, e cree que esa é unha afirmación moi grave e todo o que di de que a obra se vai a facer dentro de dous anos, iso non o ten tan claro, porque está moi claro que o goberno presidido por Inés tan pronto chegou puxo a funcionar todas as obras que estaban pendentes e non tardou dous anos en poñelas en marcha, o que pasa que o anterior goberno di literalmente “foron unha pandilla de inútiles” que non foron capaces de poñelas a funcionar, o único que fixeron foi traelas aquí para aprobalas, que lle custou tamén un triunfo traelas. Ela ten claro que se aquí se aprobara facer o aparcamento do campo de fútbol, e verdade que como hai dous obras máis no campo de fútbol, habería que facelas por turnos, pero lles gustaría que ese turno estivera collido porque está claro que non hai que esperar dous anos, din dous anos, como poderían dicir catro, di que queren esta obra para rematar o campo, e seguen proponendo que cando haxa outra oportunidade se pense en arranxar ese sitio, porque ademais e perigoso como está agora mesmo, e eles queren que se faga e tamén queren que se pague ao persoal, e despois das manifestacións que fixo, di textualmente “ a mentireira de compromiso por Galicia” de que ela puxo as bases para que a xente cobrara, como se dí agora que está moi de moda, imos ir á hemeroteca e nos dí que cando estaba no BNG o difunto alcalde tivo que botala fora por culpa do que estaba facendo có persoal porque levaba persoal e a expulsou do goberno a ela e a Quintela e non so a botaron de alí senón tamén do BNG. Creían que fora un mal momento pero seguiron adiante ata aquí. Que haxa condenas do concello de pago a xente, que se lle tenia que ter xa pagado, primeiro porque non foi quen de facer un orzamento en catro anos, ela dixo que non facía falta, e tampouco foi capaz de pagarlle a esta xente e non so non foi capaz senón que mentiu e ocultou estas sentencias condenatorias. A intención do partido socialista é que canto antes se lle pague a esta xente, e se solucione este problema porque trae moitos mais gastos e cada día que pasa se incrementa os intereses, e iso é a intención do partido socialista e lle parece moi normal ter unha opinión distinta, e que queren tamén recordarlle a señora alcaldesa que o fago en canto poda, e eles non poden votar a favor porque eles teñen un compromiso co campo de fútbol, con todos, os xogadores e equipos do concello, e non se lles pasa pola cabeza ó que está facendo o BNG de que si non se fai a de Abelleira de ningunha maneira se fai a de Muros. Oxalá se fixera a de Abelleira, que é moi importante, di que unha compañeira do seu partido, ca que se leva ben, acompañou aos técnicos para dicir como e por onde tiña que ir esa obra, e cales eran as necesidades de Abelleira con respecto a esa obra, por iso eles





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

están interesadísimos en que se fixera. Se non se puido facer é por non chegar os cartos. Ela cree que debería haber unhas pautas para utilizar eses cartos e dicir, polo menos dende o seu grupo, onde queremos que vaian eses cartos. Volve a repetir que teñen un compromiso e que non poden votar a favor por culpa diso e tamén teñen o compromiso cos traballadores de que en cada pleno, van a pedir que se lles pague porque lle consta que dende o grupo do goberno si hai vontade de pagar e lle gustaría que con parte deses cartos algo se solventara.

Intervén polo grupo municipal CxG a súa voceira dona María Xosé Alfonso Torres para dicir que cree que hai tempo que quedou clara cal é a credibilidade da señora González, que non lle vai a contestar sobre todo a insultos e descalificacións desa índole. Di que son 151 mil euros que lle vai a ir moi ben ao concello para destinar a gasto corrente e insiste no dito antes, so agarda que o grupo de goberno cumpra co que dixo na Xunta de Voceiros e que no seu caso o seu compromiso é con toda a cidadanía de Muros non so cunha parte dela, por iso entenden que estes cartos nesta ocasión van a atender mellor as necesidades de todo o concello de Muros, ao destinalo a gasto corrente.


Intervén polo grupo municipal do BNG a súa voceira dona María Lago Lestón para dicir que antes de nada quería pedirlle ao grupo de goberno que se ten a acta de Xunta de Voceiros se nos a pode pasar, ela non ten ningún problema en dicir cales foron as súas palabras e volve a dicir que non lle parece acaído meter os cartos no campo de fútbol ca situación que temos agora mesmo. Non lle doe recoñecelo porque si o dixo pero é moi distinto á forma que ela o dí e que nese campo tamén xogan os Volantes de Baño e non só os de Muros e que parece que se lle esqueceu. Pensan que é necesario dotar de liquidez ó concello e o grupo de goberno mandou un documento en onde pon onde van a ir os cartos e lles parece acaído facelo como se fixo, non se van a poñer en contra diso, e repite que si lle parece importante meter os cartos no concello fronte a un campo de fútbol que non se sabe si se vai a poder utilizar este ano porque estamos nunha situación excepcional e pode ser que non nos demos conta, e que non estivemos tres meses encerrados na casa por capricho.

Quere facer unha petición, que fronte a insultos que se soltan nesta sala se poña orde, porque non cree que se teñan que facer nun sitio como este.

Intervén a señora alcaldesa dona María Inés Monteagudo Romero para dicir que eles creen que están a cumprir os compromisos que adquiriron aquí e van a seguir cumprindo, van a ir empezando co arranxo das beirarrúas e parques e están reprogramando a súa actuación e tamén teñen a intención de presentar un plan de pagos para as sentencias dos traballadores acordadas nas mesas correspondentes.

Rematadas as intervencións o pleno da corporación cos votos a favor do grupo municipal popular, (4) do grupo municipal CxG (3), do grupo municipal do BNG (2) e os votos en contra do grupo municipal socialista (3) adopta o seguinte acordo:

Vista a circular da deputación de A Coruña sobre a aprobación da modificación das bases reguladoras do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) “POS+2020” para regular o POS+ADICIONAL 2/2020 para gastos corrente/investimento financeiramente sostibles



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Vista a aprobación da modificación das Bases reguladoras do POS+2020 para a regulación do POS+Adicional 1/2020 e do POS+Adicional 2/2020, publicada no bop núm. 66 de 5 de maio de 2020

Visto o informe de intervención de data 29 de maio de 2020 sobre a previsión de gastos correntes para o exercicio 2020

Visto o punto segundo de dita resolución que establece a ratificación deste acordo na seguinte sesión do pleno que se celebre

Vista a Resolución da Alcaldía núm.620/2020 de 29 de Maio polo que se aproba participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2020”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade.

O pleno da corporación adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.-** A Ratificación da resolución da núm.620/2020 de 29 de Maio polo que se aproba participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2020”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade.

**Segundo.-** Notificar dito acordo a deputación de A Coruña aos efectos oportunos

**5. Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por aproveitamento especial do dominio público local con mesas e cadeiras durante o ano 2020.**

**Asunto**

Intervén a señora alcaldesa para dar lectura a proposta de acordo que se eleva ao pleno que é do teor literal seguinte:


“ Vista a providencia desta alcaldía pola que se propón a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

Constando os informes emitidos pola Secretaría e Tesourería Municipal sobre o procedemento a seguir e o contido da modificación da ordenanza fiscal, e pola Intervención Municipal sobre os efectos no cumprimento da normativa de estabilidade orzamentaria (informe núm. 119/2020 do 26/05).

Considerando o establecido na D.A. 3ª do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e á vista da necesidade de axilizar a aplicación das medidas propostas.

A vista de todo o exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello de Muros, sen *quorum* especial, a adopción do seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO**



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

**PRIMEIRO.** Aprobar a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, incorporando a seguinte disposición:

*“Disposición Transitoria Primeira.*

*Queda suspendida a aplicación da taxa por aproveitamento especial do dominio público local con mesas e cadeiras (artigo 6.4) ata o 31 de decembro de 2020.”*

**SEGUNDO.** Someter a dita modificación a información pública, nos termos previstos no artigo 17.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, dando audiencia as persoas interesadas por un prazo de trinta días mediante publicación no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

**TERCEIRO.** De non presentarse reclamacións, a modificación provisional quedará elevada a definitiva de forma automática sen necesidade de novo acordo.

**CUARTO.** O acordo de modificación definitiva, tácito ou expreso, publicarase no taboleiro de edictos do Concello, Portal de Transparencia e Boletín Oficial da Provincia. “


Intervén a señora alcaldesa para dicir que isto responde a un acordo que cree que é unánime de toda a corporación e un compromiso cos hosteleiros do noso concello para facilitarlles este ano nas circunstancias especiais que todos coñecemos, un pequeno alivio de non cobrarlles a taxa por ocupación de terraza. O interventor fai un informe desfavorable porque entende que calquera ingreso que se suprima do concello non é o momento ideal para facelo a expensas das modificacións que podan vir a maiores sobre o análise da situación económica financeira municipal pero entenden aínda así que é necesario e tampouco a perda dese ingreso será moi gravosa para o concello e si un alivio para os hosteleiros

Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira dona Caridad González Cerviño para dicir que están totalmente de acordo.

Intervén polo grupo municipal CxG a súa voceira dona María Xosé Alfonso Torres para dicir que amosa a súa satisfacción porque se vai a aprobar unha das súas propostas que fixeron o día 28 de abril, outra será a que se debata posteriormente. Neste caso quería facer unha pequena pregunta é que segundo o informe de secretaría di que sería para as licencias concedidas ou aprobadas e quere preguntar se hai algunha licenza concedida ou aprobada porque polo que entendeu quedaría fora desta excepción. Responde a alcaldesa para dicir que precisamente non se fixeron esperando esta modificación. Amosa a súa satisfacción porque se vai a aprobar unha medida que eles propuxeron o día 28 de abril.

Intervén polo grupo municipal do BNG a súa voceira dona María Lago Lestón para dicir que eles están a favor, que é unha medida que lle vai a dar respiro á hostelería ca mala situación que están pasando agora mesmo, lles gustaría que se tiveran en conta outras medidas que propuxeron os hosteleiros e que estan seguras que lles fixeron chegar e que tamén axudarían en toda esta situación que están a pasar é están a favor de que se suprima a taxa.

Rematadas as intervencións o pleno o pleno da corporación por unanimidade dos membros presentes adopta o seguinte acordo:



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

“ Vista a providencia desta alcaldía pola que se propón a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

Constando os informes emitidos pola Secretaría e Tesourería Municipal sobre o procedemento a seguir e o contido da modificación da ordenanza fiscal, e pola Intervención Municipal sobre os efectos no cumprimento da normativa de estabilidade orzamentaria (informe núm. 119/2020 do 26/05).

Considerando o establecido na D.A. 3ª do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e á vista da necesidade de axilizar a aplicación das medidas propostas.

A vista de todo o exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello de Muros, sen *quorum* especial, a adopción do seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, incorporando a seguinte disposición:

*“Disposición Transitoria Primeira.*

*Queda suspendida a aplicación da taxa por aproveitamento especial do dominio público local con mesas e cadeiras (artigo 6.4) ata o 31 de decembro de 2020.”*

**SEGUNDO.** Someter a dita modificación a información pública, nos termos previstos no artigo 17.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, dando audiencia as persoas interesadas por un prazo de trinta días mediante publicación no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.


**TERCEIRO.** De non presentarse reclamacións, a modificación provisional quedará elevada a definitiva de forma automática sen necesidade de novo acordo.

**CUARTO.** O acordo de modificación definitiva, tácito ou expreso, publicarase no taboleiro de edictos do Concello, Portal de Transparencia e Boletín Oficial da Provincia.

**6. Aprobación provisional de expediente de modificación de crédito; transferencias de crédito entre aplicacións incluídas en distintas áreas de gasto. Transferencias correntes a empresas para o fomento do emprego. Expte 235/2020.**

Intervén a señora alcaldesa para dar lectura a proposta de acordo que se eleva ao pleno que é do teor literal seguinte:

*Ditada Providencia da Alcaldía do 29/04/2020, ordenando o inicio do expediente de concesión directa de*



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

subvencións para impulsar a actividade económica no termo municipal, ca finalidade de paliar os efectos económicos producidos pola declaración do estado de Alarma mediante RD 463/2020, do 14 de marzo como consecuencia da situación de crise sanitaria provocada polo COVID-19.

Considerando que de acordo cos datos obtidos do sistema de información contable, o saldo de crédito dispoñible no nivel de vinculación xurídica 20/2.4. é de 0,00 euros, polo que resulta imprescindible aprobar a correspondente modificación de crédito, mediante transferencia entre aplicacións incluídas nas áreas de gasto 1 “servizos públicos básicos”, 2 “actuacións de protección e promoción social” e 3 “producción de bens públicos de carácter preferente” con aplicación do réxime xurídico previsto nos artigos 40, 41 e 42 do RD 500/1990, do 20 de abril e nas Bases 9ª e 14ª das BEO/2015- prorrogadas, ca finalidade de atender a concesión das axudas previstas.

Considerando que dos estados de execución do vixente orzamento municipal, resulta acreditada a existencia de dotación orzamentaria adecuada e suficiente nos niveis de vinculación xurídica 20/1.2.e 20/3.2. do estado de gastos e nas aplicacións 20/150.22710 e 20/341.22719, polo importe necesario para atender os gastos previstos, estimándose mironables por afectar proxectos rematados en exercicios anteriores.

Considerando que, aos efectos de paliar o impacto que sobre a actividade económica e o emprego local produciu a declaración do estado de alarma para xestionar a crise derivada da pandemia provocada polo COVID-19, procede incoar expediente de transferencia de crédito entre aplicacións incluídas en distintas áreas de gastos ao amparo do disposto no RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no RD 500/1990, do 20 de abril e nas Bases de Execución do Orzamento,

Considerando o establecido na Base 14ª das BEO/2015-prorrogadas, e visto o Informe de Intervención núm. 122/2020 do 01/06.


Considerando que por afectar a modificación a partidas incluídas en distintas áreas de gasto, e de conformidade co disposto no artigo 40.3. do RD 500/1990, do 20 de abril, o Pleno da Corporación é o órgano competente para súa aprobación, previo ditame da Comisión Informativa, salvo os supostos de urxencia, quedando sometido as normas sobre información, reclamacións e publicación aplicables a aprobación do orzamento ao que se refiren os artigos 20 e 22 do citado Real decreto.

En atención a satisfacción da citada necesidade e en virtude do establecido nos referidos preceptos, esta Concellería de Facenda formula a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar provisionalmente o expediente núm. 235/2020 (4/2020TC) de transferencias de créditos entre aplicacións incluídas en distintas áreas de gasto de acordo co seguinte detalle:

Aplicación	Expresión	Incremento	Minoración
------------	-----------	------------	------------



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

		s	s
20/150.22710	Administración xeral da vivenda.		25.000,00
20/241.47000	Fomento do emprego. Subvencións a empresas privadas	50.000,00	
20/341.22719	Maquinaria piscina municipal		25.000,00
	Total	50.000,00	50.000,00

**SEGUNDO.** Proceder a exposición ao público do presente acordo provisional no BOP, na sede web do Concello de Muros, no portal da transparencia e no taboleiro de anuncios da Entidade durante un prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinar a documentación posta a disposición e presentar reclamacións ante o Pleno. A modificación considerárase definitivamente aprobada se durante o citado período non se presentaran reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo de un mes para resolvelas, contado desde o día seguinte ao remate da exposición ao público. As reclamacións consideraranse denegadas, en calquera caso, se non se resolverán no acto de aprobación definitiva. A modificación, definitivamente aprobada, será inserida no BOP e resumida por capítulos con expresión dos créditos iniciais as modificacións e os créditos definitivos., entrando en vigor a partir da data da súa publicación.

**TERCEIRO.** Dar traslado a Tesourería e Intervención Municipal, ao Negociado de Contabilidade.

Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira dona Caridad González Cerviño que dí que eles están de acordo pero pregunta si destes 25.000 euros da oficina urbanística este ano queda diñeiro na partida o que lle contesta a señora alcaldesa que si


Intervén polo grupo municipal de CXG a súa voceira dona María Xosé Alfonso Torres para dicir que non ten nada que comentar

Intervén polo grupo municipal do BNG a súa voceira dona María Lago Lestón que di que non ten nada que comentar.

Rematadas as intervencións o pleno da corporación por unanimidade dos seus membros presentes adopta o seguinte acordo:

Ditada Providencia da Alcaldía do 29/04/2020, ordenando o inicio do expediente de concesión directa de subvencións para impulsar a actividade económica no termo municipal, ca finalidade de paliar os efectos económicos producidos pola declaración do estado de Alarma mediante RD 463/2020, do 14 de marzo como consecuencia da situación de crise sanitaria provocada polo COVID-19.

Considerando que de acordo cos datos obtidos do sistema de información contable, o saldo de crédito dispoñible no nivel de vinculación xurídica 20/2.4. é de 0,00 euros, polo que resulta imprescindible aprobar a correspondente modificación de crédito, mediante transferencia entre aplicacións incluídas nas áreas de gasto 1 “servizos públicos básicos”, 2 “actuacións de protección e promoción social” e 3 “producción de bens públicos de carácter preferente” con aplicación do réxime xurídico previsto nos artigos 40, 41 e 42 do



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

RD 500/1990, do 20 de abril e nas Bases 9ª e 14ª das BEO/2015- prorrogadas, ca finalidade de atender a concesión das axudas previstas.

Considerando que dos estados de execución do vixente orzamento municipal, resulta acreditada a existencia de dotación orzamentaria adecuada e suficiente nos niveis de vinculación xurídica 20/1.2.e 20/3.2. do estado de gastos e nas aplicacións 20/150.22710 e 20/341.22719, polo importe necesario para atender os gastos previstos, estimándose mironables por afectar proxectos rematados en exercicios anteriores.

Considerando que, aos efectos de paliar o impacto que sobre a actividade económica e o emprego local produciu a declaración do estado de alarma para xestionar a crise derivada da pandemia provocada polo COVID-19, procede incoar expediente de transferencia de crédito entre aplicacións incluídas en distintas áreas de gastos ao amparo do disposto no RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no RD 500/1990, do 20 de abril e nas Bases de Execución do Orzamento,

Considerando o establecido na Base 14ª das BEO/2015-prorrogadas, e visto o Informe de Intervención núm. 122/2020 do 01/06.


Considerando que por afectar a modificación a partidas incluídas en distintas áreas de gasto, e de conformidade co disposto no artigo 40.3. do RD 500/1990, do 20 de abril, o Pleno da Corporación é o órgano competente para súa aprobación, previo ditame da Comisión Informativa, salvo os supostos de urxencia, quedando sometido as normas sobre información, reclamacións e publicación aplicables a aprobación do orzamento ao que se refiren os artigos 20 e 22 do citado Real decreto.

O pleno da corporación adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar provisionalmente o expediente núm. 235/2020 (4/2020TC) de transferencias de créditos entre aplicacións incluídas en distintas áreas de gasto de acordo co seguinte detalle:

Aplicación	Expresión	Incrementos	Minoracións
20/150.22710	Administración xeral da vivenda.		25.000,00
20/241.47000	Fomento do emprego. Subvencións a empresas privadas	50.000,00	
20/341.22719	Maquinaria piscina municipal		25.000,00
	Total	50.000,00	50.000,00

**SEGUNDO.** Proceder a exposición ao público do presente acordo provisional no BOP, na sede web do Concello de Muros, no portal da transparencia e no taboleiro de anuncios da Entidade durante un prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinar a documentación posta a disposición e presentar reclamacións ante o Pleno. A modificación considerárase definitivamente aprobada se durante o citado período non se presentaran reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo de un mes



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

para resolvelas, contado desde o día seguinte ao remate da exposición ao público. As reclamacións consideraranse denegadas, en calquera caso, se non se resolverán no acto de aprobación definitiva. A modificación, definitivamente aprobada, será inserida no BOP e resumida por capítulos con expresión dos créditos iniciais as modificacións e os créditos definitivos., entrando en vigor a partir da data da súa publicación.

**TERCEIRO.** Dar traslado a Tesourería e Intervención Municipal, ao Negociado de Contabilidade.

**7. Aprobación inicial das Bases reguladoras, en réxime de concesión directa, dirixidas a traballadores/as do réxime especial de autónomos da Seguridade Social afectadas pola suspensión ou peche dos locais abertos ao público polo estado de alarma decretado polo Goberno e para o impulso da actividade económica no termo municipal de Muros co fin de paliar os efectos provocados pola emerxencia sanitaria do COVID-19. Expte 333/2020**

Intervén a señora alcaldesa que da lectura a proposta de acordo que se eleva ao pleno que é do teor literal seguinte:

**INFORME PROPOSTA DE SECRETARÍA XERAL SOBRE A APROBACIÓN DA DISPOSICIÓN REGULAMENTARIA REGULADORA DAS BASES QUE REXERÁN A CONCESIÓN EN RÉXIME DE CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIÓNS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE MUROS CO FIN DE PALIAR OS EFECTOS PROVOCADOS POLA EMERXENCIA SANITARIA DO COVID-19**


*Tramítase expediente para aprobación dunha disposición regulamentaria para a regulación do réxime xurídico xeral das bases que rexerán a concesión en réxime de concesión directa de subvencións para o impulso da actividade económica no termo municipal de Muros co fin de paliar os efectos provocados pola emerxencia sanitaria do COVID-19.*

*Por todo iso, en virtude do establecido nos artigos 173 da Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e polo 3.3.a) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, emítese o seguinte*

**INFORME PROPOSTA:**

*Consta no expediente memoria de necesidade de aprobación dunhas bases reguladoras de subvencións en réxime de concesión directa para paliar as perdas económicas ás persoas autónomas*





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

*afectadas que tiveron que pechar ao público os seus locais de acordo co establecido no Real Decreto Lei 463/20 de 14 de marzo polo que se declarou o estado de alarma e contribuír ao mantemento da súa actividade económica promovendo a reactivación económica no municipio.*

*A finalidade que se pretende acadar é protexer o interese xeral da veciñanza de Muros dando cobertura ás persoas autónomas que mantiveron os seus establecementos pechados pola crise sanitaria. Tendo en conta que as razóns que xustifican a concesión directa desta subvención son a crise sanitaria provocada polo COVID-19 que require a adopción de medidas de carácter extraordinario para axudar a mitigar o impacto causado no desenvolvemento económico local de Muros, deseñando un marco de apoio ao sector social máis afectado e creando unha estratexia para impulsar axudas para os/as autónomos/as obrigados/as a suspender a apertura dos seus locais ao público causado polo estado de alarma.*


*O Concello de Muros é competente para a aprobación da subvención, a vista do artigo 25.2 da Lei de bases de réxime local e do artigo 4 do R.D.L. 3/2015 de 23 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei de emprego e o artigo 3.3. da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local e 86.1.f) da Lei 5/1997 de 22 de xuño de Administración local de Galicia.*

*No caso de concesión directa de subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública (artigo 22.2.c LXS), a concesión directa destas subvencións supón unha aprobación previa dunha normas reguladoras que teñen carácter de disposición de carácter xeral, e que se poderán incluír na Ordenanza xeral ou específica de subvencións ou nas bases de execución do orzamento.*

*É competente para a aprobación (ou modificación) desta disposición regulamentaria que regula as bases en réxime de concesión directa de subvencións para o impulso da actividade económica no termo municipal de Muros co fin de paliar os efectos provocados pola emerxencia sanitaria do COVID-19 no Concello de Muros, o Pleno municipal, ao amparo dos artigos 22.2 d) e 49 da Lei reguladora das bases de réxime local, co quórum de maioría simple de acordo co artigo 47.1 da mesma disposición legal, informándose favorablemente a adecuación do mesmo ao ordenamento xurídico vixente.*

*O procedemento para a tramitación da disposición regulamentaria require a aprobación inicial polo Pleno, unha vez adoptada, someterase o expediente a información pública e audiencia dos/as interesados/as polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións, resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro de prazo e aprobación definitiva polo Pleno.*

*No caso de que non se presenten ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.*



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

*Consta informe de Intervención núm. 129/2020 do 11/06 fiscalizando o expediente ao amparo do establecido no artigo 13 do RD 424/2017, do 28 de abril polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, e emitindo pronunciamento desfavorable por ir o programa de gasto en sentido contrario ao cumprimento do obxectivo de estabilidade e regra de gasto.*

*Por canto antecede infórmase favorablemente a mesma formulándose a seguinte proposta de acordo para a súa aprobación plenaria previo ditame favorable da comisión informativa procedente.*

*De acordo co previsto no artigo 82.3. do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Alcaldía, por razóns de urxencia debidamente motivada, poderá incluír na orde do día, a iniciativa propia ou a proposta dalgún/dalgunha dos/as voceiros/as, asuntos que teñan sido previamente informados pola respectiva Comisión Informativa, pero neste suposto non poderá adoptarse acordo algún sobre estes asuntos sen que o Pleno ratifique a súa inclusión na orde do día.*

**Primeiro.-** *Aprobar inicialmente a Disposición Regulamentaria do réxime xurídico das bases xerais reguladoras de axudas, en réxime de concesión directa, dirixidas a traballadores/as do réxime especial de autónomos da Seguridade Social afectados pola suspensión ou peche dos locais abertos ao público polo estado de alarma decretado polo goberno, e para o impulso da actividade económica no termo municipal de Muros, coa finalidade de paliar os efectos provocados pola emerxencia sanitaria do COVID-19, que constan como anexo a este informe-proposta.*


**Segundo.-** *Someter o expediente a Información Pública e Audiencia aos/ás interesados/as polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.*

**Terceiro.-** *No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente adoptado este acordo quedando facultado expresamente a Alcaldía para a súa publicación e execución.*

**Cuarto.-** *As obrigas económicas derivadas da entrada en vigor das bases reguladoras quedará condicionada á existencia de dotación orzamentaria no Orzamento Municipal, extremo que se acreditará mediante a incorporación do documento RC sen que sexa preciso trámite adicional algún.*

*Intervén a señora alcaldesa para dicir que foi un tema que se tratou na Xunta de Voceiros e que naquel momento se aportou un borrador ao que non tiveron ningún comentario e aportación. Pensa que as bases buscan unha fórmula equitativa de todas as solicitudes, cun procedemento axil e concíbese como un pago anticipado, non hai ningún tipo de valoración o que si hai é unha comisión de valoración de que aportan a documentación complementaria e terían despois dos meses para xustificar a subvención.*

*O importe máximo que se concede por autónomo e 630 euros e a xustificación será fácil cos recibos da*




**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

seguridade social, non se debería complicar mais. O que se fai é darlle un punto a cada solicitude e se vai incrementando polo número de traballadores que teñan, a fórmula é simple, se sumarían todos os puntos de todos os solicitantes, se dividen por 50.000 e se lle otorga segundo os puntos que teña o importe que corresponda

Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira dona Caridad González Cerviño para dicir que están de acordo e que na Xunta de Voceiros xa faláron de que había que simplificar os trámites burocráticos para que a xente puidera presentar a súa documentación. Queren preguntar si se preveu no caso de puntuacións iguais cal é o criterio de outorgamento. O capital é reducido, imaxinar que hai moitas mais solicitudes que o capital que hai, e que se aclare como se vai a facer a puntos iguais.

Contesta a señora alcaldesa que di que entran todos os que soliciten a axuda entran na axuda, o importe divídese entre todos. A alcaldesa pon un exemplo dicindo que hai 80 autónomos cun punto cada un, que hai 5 autónomos cun traballador, serían entre os cinco autónomos 6,5 puntos, que hai 2 autónomos con 3 traballadores, serían 2,8 puntos, se suman todos os puntos, 89,3 se dividen os 50.000 mil entre 89,3 e nos da 559,92 cada punto, a persoa que teña un punto leva 559.92 e no caso que supere o máximo levaría 630 euros, é dicir todo o mundo vai a ter acceso proporcionalmente ao número de solicitudes.

Intervén polo grupo municipal CXG a súa voceira dona María Xosé Alfonso Torres para dicir que a fórmula é tan sinxela como repartir os 50.000 mil euros entre todas as persoas que soliciten a axuda e cumpran cos requisitos e establecendo os euros que lle corresponda con cada punto. Di que esta é outra das propostas que eles fixeron o día 28 de abril. O día 7 de maio houbo unha primeira reunión de Xunta de Voceiros na que se dicía que tardáramos 45 días en presentar propostas. Eles esperaron un pouco porque non querían facer como o señor Casado de presentar propostas de cousas que xa se estaban facendo e preferían que a aportación fora realmente útil e constructiva. Resulta que 62 días despois, o 7 de maio, nos traen un borrador e vostede dí hoxe que non se fixo ningún comentario ni ningunha aportación. Tamén dixo nesa Xunta de Voceiros que era un borrador que estaba sen traballar, e que non tiveran tempo de mirar, palabras textuais súas e que se tratarían esas bases nunha próxima Xunta de Voceiros para que puidéramos todos os grupos da oposición e de goberno, facer aportacións a ese borrador. Di que en lugar de chegar a unha nova Xunta de Voceiros, para poder falar destas bases, o que chegou foi unha convocatoria para un pleno extraordinario e urxente sen sequera poder comentalas nunha sesión de comisión informativa. A pesar diso, na Xunta de Voceiros, ela xa comentou que como colleran o modelo de bases do concello de Arteixo, alí había dúas liñas de axudas para quen tivera que pechar un local de apertura ao público e tamén para outras persoas autónomas e pequenas empresas, e que se estudara entón a posibilidade de que estas axudas non foran só para persoas autónomas con local para atención ao público senón tamén para persoas autónomas ou pequenas empresas que tiveran que cesar na súa actividade e que algunha delas terían local por exemplo para ter un almacén. Querían preguntar un par de cuestións sobre estas bases que como dí, non tiveron a oportunidade de facer máis aportacións que aquela porque estaban a espera de volver a ter outra Xunta de Voceiros. Pregunta, si se poderían acoller a esta axuda persoas autónomas ou pequenas empresas que sen ter un local de apertura ao público si tiveron que cesar na súa actividade e teñen un local de almacén e a outra pregunta é si esta convocatoria é exclusivamente para persoas



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

autónomas ou se poderían acoller a isto pequenas empresas con sede en Muros e con actividade no concello.

Intervén a señora alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero para dicir que lle ben claramente nas bases que dí que poderán acollerse a estas axudas, as persoas físicas ou entidades xurídicas afectadas polo anexo do Real Decreto Lei 463 polo que se declarou o estado de alarma e onde se especifican todas as actividades que cesan, iso quere dicir que un autónomo que teña unha actividade evidentemente é autónomo. Hai tamén unha casuística para persoas que tiveran que pechar a súa actividade por imposibilidade de realizar teletraballo, atopouse pechado o establecemento onde presta o servizo, por non poder ao centro de traballo por problemas de mobilidade, por non ter materia prima para poder levar a cabo a súa actividade productiva, por non poder atender á clientela por mor das limitacións de mobilidade e calquera outro motivo de natureza tal que non permita levar a cabo a súa actividade profesional relacionada co obxecto desta convocatoria. Cree que con isto lle contesta ás súas preguntas.


Volve a intervir polo grupo municipal CxG a súa voceira dona María Xosé Alfonso Torres para dicir que iso xa o leera porque iso é o apartado dos beneficiarios, pero no punto de requisitos no apartado a) di que poderán solicitar esta subvención os autónomos que cumpran estes requisitos e o primeiro é que actividade que desenvolva a persoa beneficiaria da axuda se atope no termo municipal de Muros e que tivera que pechar o seu establecemento debido ao estado de alarma decretado polo estado e a cuestión é se este establecemento ten que ser de atención ao público, entende que non polo que lle acaba de contestar. Entón dicir que eles están de acordo ca proposta e volve a dicir que foi unha das propostas que eles fixeron en abril e lles parece ben.

Intervén polo grupo municipal do BNG a súa voceira dona María Lago Lestón para manifestar que en principio eles están de acordo pero non lle parece correcto dicir que non se fixeron achegas porque naquela Xunta de Voceiros foron varias as achegas que se fixeron, eles dixeron que se tiveran en conta aquelas empresas que sen ter que pechar viran substancialmente reducidos os seus ingresos. Contesta a señora alcaldesa que o que di é que non se fixeron achegas dende que se entregou o documento, as que se fixeron ali, en maior o menor medida están recollidas nas bases. Volve a intervir a voceira do grupo municipal do BNG para dicir que esta documentación se entregou xa ca convocatoria do pleno.

Rematadas as intervencións o pleno da corporación por unanimidade dos seus membros presentes adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a Disposición Regulamentaria do réxime xurídico das bases xerais reguladoras de axudas, en réxime de concesión directa, dirixidas a traballadores/as do réxime especial de autónomos da Seguridade Social afectados pola suspensión ou peche dos locais abertos ao público polo estado de alarma decretado polo goberno, e para o impulso da actividade económica no termo municipal de Muros, coa finalidade de paliar os efectos provocados pola emerxencia sanitaria do COVID-19, que constan como anexo a este informe-proposta.

**Segundo.-** Someter o expediente a Información Pública e Audiencia aos/ás interesados/as polo prazo



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.

**Terceiro.-** No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente adoptado este acordo quedando facultado expresamente a Alcaldía para a súa publicación e execución.

**Cuarto.-** As obrigas económicas derivadas da entrada en vigor das bases reguladoras quedará condicionada á existencia de dotación orzamentaria no Orzamento Municipal, extremo que se acreditará mediante a incorporación do documento RC sen que sexa preciso trámite adicional algún.

**Anexo**


**BASES XERAIS REGULADORAS DE AXUDAS, EN RÉXIME DE CONCESIÓN DIRECTA, DIRIXIDAS A TRABALLADORES/AS DO RÉXIME ESPECIAL DE AUTÓNOMOS DA SEGURIDADE SOCIAL AFECTADAS POLA SUSPENSIÓN OU PECHE DOS LOCAIS ABERTOS AO PÚBLICO POLO ESTADO DE ALARMA DECRETADO POLO GOBERNO E PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE MUROS CO FIN DE PALIAR OS EFECTOS PROVOCADOS POLA EMERXENCIA SANITARIA DO COVID-19**

**PREÁMBULO**

Ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID-19 e a necesidade de impulsar a efectividade do desenvolvemento do emprego local no termo municipal de Muros, o obxecto destas bases é o outorgamento de axudas para paliar as perdas económicas aos autónomos e autónomas afectadas que tiveron que pechar ao público os seus locais de acordo co establecido no Real Decreto Lei 463/20 de 14 de marzo polo que se declarou o estado de alarma e contribuír ao mantemento da súa actividade económica promovendo a reactivación económica no municipio.

A finalidade que se pretende acadar é protexer o interese xeral da veciñanza de Muros dando cobertura ás persoas autónomas que mantiveron os seus establecementos pechados pola crise sanitaria.

Á vista da Lei reguladora de bases de réxime local, do artigo 4 do R.D.L. 3/2015 de 23 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei de emprego, de acordo co disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, e de conformidade cas competencias conferidas as Entidades locais no artigo 86.1.f) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, o Concello de Muros, co fin de garantir o seu papel de apoio ao desenvolvemento local, e coa necesidade de cumprir o interese social neste momento no que o tecido empresarial municipal está incorrendo en moitas perdas económicas ocasionadas pola crise sanitaria mundial, e que precisa que este Concello lle proporcione unha axuda para o beneficio da veciñanza do municipio de acordo co interese de utilidade pública social, aproba as seguintes bases reguladoras de axudas para autónomos/as obrigados/as a suspender a apertura dos seus locais ao público segundo o



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Estado de Alarma decretado polo Goberno e para o impulso da actividade económica no termo municipal de Muros co fin de paliar os efectos provocados pola emerxencia sanitaria do COVID-19.

**Artigo 1. Obxecto e finalidade**

O obxecto destas bases é a convocatoria de axudas para o mantemento do tecido empresarial do Concello de Muros e mitigar as perdas económicas aos autónomos e autónomas afectadas pola crise económica provocada polo COVID-19.

Estas axudas están destinadas aos/ás traballadores/as de alta no réxime especial de autónomos da Seguridade Social que tiveron que pechar ao público os seus locais para facilitar o cumprimento das súas obrigas empresariais, o mantemento da actividade, a adopción de novas medidas de seguridade ante o COVID-19 e paliar a redución de ingresos provocada pola entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

**Artigo 2. Normativa aplicable**


O que nesta disposición de carácter xeral se dispoña, así como o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, así como na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e ao establecido na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Artigo 3. Beneficiarios**

1. Poderán solicitar estas axudas as persoas físicas ou entidades con personalidade xurídicas afectadas polo anexo do Real Decreto Lei 463/20 de 14 de marzo polo que se declarou o estado de alarma, co fin de contribuír ao mantemento da súa actividade económica e promovendo así a reactivación económica no municipio.

2. Tamén poderán acceder a estas axudas os autónomos e autónomas que tiveron que cesar a súa actividade por algunha destas causas:

- a) Imposibilidade total de realizar teletraballo.
- b) Atoparse pechados os establecementos nos que presta o servizo.
- c) Non poder acceder aos centros de traballo debido ás limitacións de mobilidade.
- d) Non poder conseguir as materias primas para levar a cabo a súa actividade produtiva.
- e) Non ter a posibilidade de acceder á clientela debido ás limitacións da mobilidade.
- f) Calquera outro motivo de natureza tal que non permitira levar a cabo a acción profesional relacionada co obxecto desta convocatoria.



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

A finalidade que se pretende acadar é protexer o interese xeral da veciñanza de Muros dando cobertura ás persoas autónomas que mantiveron os seus establecementos pechados pola crise sanitaria.

**Artigo 4. Crédito orzamentario**

A contía destinada a atender as solicitudes que se presenten ascende a un importe de 50.000,00 € do orzamento municipal vixente e con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 20/241.47000.

**Artigo 5. Contía das axudas**

Concederáse unha contía máxima de 630,00 € por autónomos e autónomas titulares dunha actividade económica no Concello de Muros e que se viran afectados polo crise sanitaria do COVID-19.

Os criterios e valoración para o cálculo do importe da subvención son os seguintes:

- a) Autónomos e autónomas sen empregados, 1 punto.
- b) Autónomos e autónomas que contén no seu cadro de persoal no mes de marzo de 2020 con un ou dous traballadores/as, 1.3 puntos.
- c) Autónomos e autónomas que contén no seu cadro de persoal no mes de marzo de 2020 con tres ou máis traballadores/as, 1.4 puntos.

Procederáse ao rateo do importe global máximo, segundo o artigo 19.3 da Lei 9/2007, aplicando o seguinte proceso:

1º Cálculo do valor de cada punto. Súmase o número total de puntos obtidos polos/as solicitantes e calcúlase o importe que lle corresponda a cada punto de acordo coa seguinte fórmula  $50.000,00 \text{ €} / \text{puntos totais conseguidos polos/as solicitantes}$ .


2º Cálculo do importe da axuda concedida a cada beneficiario. Multiplícase o resultado da operación anterior polo número de puntos obtido por cada solicitante.

Estas axudas serán compatibles con calquera outra concedida por entidades públicas ou privadas, estatais, autonómicas, sempre que o importe das axudas que se perciban polo mesmo concepto non superen o custo total de gastos subvencionables.

**Artigo 6. Requisitos para ser beneficiario das axudas**

Poderán solicitar esta subvención os autónomos e autónomas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que actividade que desenvolve a persoa beneficiaria da axuda se atope no termo municipal de Muros e que tivera que pechar o seu establecemento debido ao estado de alarma decretado polo estado.



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

- b) Estar dada de alta no réxime da Seguridade Social ou na mutua correspondente, así como, en Facenda na data de declaración do estado de alarma
- c) Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións que será acreditado mediante declaración responsable
- d) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT e co TGSS (este requisito deberá cumprirse na data de presentación da solicitude e na data de pagamento da subvención).
- e) Non ter débeda pendente co Concello de Muros dende a data de presentación da solicitude ata a data de pagamento da axuda (este requisito será comprobado de oficio pola administración local).

**Artigo 7. Réxime de concesión**

A concesión das subvencións realizarase en réxime concesión directa e coa resolución da subvención concedida asinarase un convenio entre a persoas beneficiarias e a Alcaldía do Concello de Muros. Non serán obxecto de axuda os gastos que non se relacionan no artigo 12 destas bases.

**Artigo 8. Forma e prazo de presentación de solicitudes**

As solicitudes deberán formularse no modelo normalizado (Anexo I) e presentaranse preferentemente pola sede electrónica do Concello de Muros (sede.muros.gal). O prazo para a presentación será de 20 días dende a publicación da convocatoria específica aprobada pola Alcaldía no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. A presentación da solicitude fóra de prazo e a non utilización do modelo normalizado de uso obrigatorio serán causa de non admisión. Se o último día fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Igualmente, estas solicitudes tamén poderán presentarse no rexistro xeral do Concello, en horario de atención ao público (de 9.00 a 14.00 h), ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; neste último caso, as persoas interesadas deberán enviar copia da solicitude ao seguinte Fax: 981 762 257, ou enderezo electrónico: [notifica@muros.gal](mailto:notifica@muros.gal), durante o mesmo prazo ca o de presentación de solicitudes. En caso contrario, quedarán excluídas do proceso.


As persoas interesadas poderán obter copia do Anexo I (modelo de solicitude) no rexistro xeral do Concello ou no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros (sede.muros.gal).

**Artigo 9. Documentación a achegar**

Xunto coa solicitude (Anexo I cuberto e asinado) deberán achegar a seguinte documentación:

1. DNI ou NIE






**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

2. Certificado actualizado da situación censal no que se indique a actividade económica, data de alta, domicilio fiscal e local de desenvolvemento da actividade.
3. Recibo do pagamento da cota no réxime especial de traballadores autónomos ou da mutua profesional correspondente do mes de marzo de 2020.
4. Certificación de conta bancaria.
5. Relación nominal de traballadores do mes de marzo de 2020 emitido pola Seguridade Social e documento de liquidación do mesmo.
6. Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TGSS), ou autorización asinada pola persoa interesada ou representación legal para que o Concello de Muros realice a consulta.
7. Declaracións doutras axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Ademais deberá achegar a seguinte documentación:

Declaración responsable asinada pola persoa interesada ou representación legal ou apoderado da persoa ou empresa solicitante que conterà o pronunciamento expreso das seguintes cuestións (Anexo I):

1. Que a actividade desenvolvida viuse afectada polo peche do establecemento disposto no estado de alarma decretado polo goberno estatal, identificando o suposto que lle afecta dos establecidos no artigo 3 destas bases.
2. Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
3. Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pagamento establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34.
4. Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
5. Declaración responsable de non ter sido declarada insolvente en calquera procedemento, non atoparse declarada en concurso que non adquirira eficacia mediante convenio, e de non estar suxeito a intervención xudicial ou ter sido inhabilitada consonte a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

## **9. Procedemento e instrución do procedemento**

O procedemento de tramitación e concesións de axudas solicitadas ao abeiro desta convocatoria axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e realizarase por concesión directa da axuda tras a comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos nestas bases, e ata o importe máximo de 50.000 € consignados no orzamento municipal.

A instrución do procedemento corresponderá ao departamento de Desenvolvemento Local que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

Nomearase unha Comisión de Verificación, composta pola concelleira de Economía e Facenda ou persoa en quen delegue, que actuará como Presidencia, e un número mínimo de dous/dúas técnicos/as designados/as pola Alcaldía, actuando un/unha deles/as como Secretaría, quen formulará proposta de concesión previo informe do órgano instrutor respecto do cumprimento polos/as solicitantes dos criterios previstos nestas bases e da aplicación dos criterios de puntuación.

Corresponde a esta comisión a interpretación e aclaración das dúbidas que se presenten na aplicación destas bases.

A concesión da subvención efectuarase en réxime de concesión directa, distribuíndo o importe total entre as solicitudes presentadas segundo o previsto no artigo 5 destas bases.

Se resultase que a documentación estea incompleta ou sexa defectuosa, requiriráselle á persoa interesada para que no prazo de 10 días, a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.


As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Non obstante, tendo en conta as excepciónais circunstancias deste estado e dado que é requisito a formalización do convenio, as notificacións serán practicadas no correo electrónico designado pola persoa solicitante.

### **Artigo 10. Pagamento da subvención**

O pagamento destas subvencións realizarase unha vez que se dite resolución de concesión e se asine o preceptivo convenio, este será único, en concepto de anticipo e mediante transferencia bancaria, a partir da data da resolución de concesión da axuda, sen que sexa necesaria a constitución de garantías.

No caso de incumprimento das obrigas detalladas nesta convocatoria, o órgano instrutor, iniciará de oficio expediente administrativo que, previa audiencia á persoa interesada, propondrá a iniciación de procedemento de reintegro dos fondos, xunto coa liquidación dos xuros de mora correspondentes.

### **Artigo 11. Obrigas das persoas e empresas beneficiarias**



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Son obrigas das persoas e empresas beneficiarias da axuda:


1. Manter a actividade económica e os postos de traballo que serviron para a concesión desta axuda, durante 6 meses, como mínimo, dende a data de declaración do estado de alarma establecido no RD 463/2020, de 14 de marzo.
2. Someterse as actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións a exercer pola Intervención municipal.
3. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei xeral de subvencións.
4. Cumprir as restantes obrigas que detalla o artigo 14 da Lei xeral de subvencións.
5. No caso de que a persoa ou empresa beneficiaria se atope comprendida nos supostos do artigo 3.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá adaptarse ás obrigas de publicidade activa que lle resulten aplicables.
6. Xustificar a subvención segundo o establecido no seguinte artigo.

**Artigo 12. Xustificación das axudas**

As persoas ou empresas beneficiarias deberán xustificar a subvención recibida mediante a presentación da conta xustificativa simplificada prevista no artigo 75 do RD 887/2006, do 21 de xullo, coas especificacións adicionais recollidas e achegando en todo caso facturas efectivamente pagadas no período comprendido entre 14 de marzo e o 13 de setembro de 2020 correspondentes aos seguintes gastos:

1. Gastos ocasionados polas medidas de seguridade implantadas debidas ao COVID-19.
2. Gastos de aluguer.
3. Seguros sociais do empresario non bonificados por outras administracións públicas.
4. Gastos de reparacións e conservación.
5. Gastos de primas de seguros (parte proporcional correspondente aos 6 meses).
6. Gastos de subministracións e gastos correntes: auga, teléfono, electricidade, gas, servizos de seguridade e outros gastos análogos.

Así mesmo, deberán presentar unha declaración actualizada doutras axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

O prazo para presentar a xustificación será nos dous meses seguintes dende a notificación da concesión da subvención.

**Artigo 13. Reintegro das subvencións**

No caso de incumprimento da obriga de xustificación dentro do prazo regulamentario, iniciárase o expediente de reintegro previsto no artigo 92 e seguintes do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e de anulación do compromiso de gasto.

O reintegro do importe percibido, cando cumpra, rexeráse polo disposto no título II da Lei xeral de subvencións e polo título III do regulamento de desenvolvemento da Lei de subvencións.

Xunto ás causas de invalidez da resolución de concesión, recollidas no artigo 36 da Lei xeral de subvencións, darán lugar á obriga de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así como, a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde a data do pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos con carácter xeral no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

En particular, operarán a seguinte causa de reintegro:


Se a persoa ou empresa beneficiaria incumpra a obriga de manter a actividade empresarial durante os 6 meses establecidos na base 11 desta convocatoria, procederá ao reintegro da parte proporcional dos meses pendentes de cumprimento. E sen prexuízo de iniciar o procedemento de reintegro, no caso de incumprimento das obrigacións establecidas con motivo da concesión da subvención, a persoa ou empresa beneficiaria poderán comunicar ao órgano xestor, por rexistro de entrada, este feito e efectuar a devolución voluntaria da cantidade percibida.

**Artigo 14. Datos de carácter persoal**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Muros coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.


Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do concello de Muros ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Todo o cal se informa en cumprimento do disposto nos arts. 11 e ss. da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.



CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)



CONCELLO DE MUROS

P1505400J

Curro da Praza, nº 1. 15250 – MUROS (A CORUÑA)

Tel. 981826050 | [alcaldia@muros.gal](mailto:alcaldia@muros.gal)

[www.muros.gal](http://www.muros.gal)

ANEXO I

**SOLICITUDE DE AXUDAS PARA PALIAR AS CONSECUCIAS  
ECONÓMICAS DERIVADAS DA CRISE SANITARIA  
OCASIONADA POLO BROTE DE CORONAVIRUS COVID 19**

**1.- DATOS DO/DA SOLICITANTE**

DNI/NIE	
Apelidos e nome	
Enderezo	
Teléfono	
Correo electrónico	


**2.- DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS**

Enderezo	
Teléfono	
Correo electrónico	

Autorizo a notificación electrónica como medio de notificación preferente

**3.- DATOS DO ESTABLECEMENTO OU LOCAL**

Actividad económica	
Epígrafe IAE	
Código CNAE	
Enderezo fiscal/actividade	
Representante/DNI	



CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)

#### 4.- AUTORIZACIÓNS

1.- Autorizo ao Concello de Muros para que solicite en calquera momento da tramitación da subvención certificación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, Seguridade Social e co Concello de Muros, e a súa situación no censo de actividades económicas da AEAT.  Si  Non

2.- Que aos efectos da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o solicitante ou representante legal asinante deste documento, autoriza ao Concello de Muros, a incorporar estes, ou aqueles outros dos que tivera coñecemento como consecuencia da relación iniciada, a un ficheiro automatizado responsabilidade do Concello de Muros que ten por finalidade dar cumprimento as funcións a realizar dentro do proceso de trámite, xestión, concesión e pagamento encomendados pola Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal do seu posible interese. Así mesmo, comprométese a comunicar no menor prazo de tempo posible, calquera variación dos datos manifestados co fin de poder proceder a súa actualización.  Si  Non

#### 5.- DECLARACIÓN RESPONSABLE

Que a actividade desenvolvida viuse afectada polo peche de establecementos dispostos no RD 463/2020 de 14 de marzo, no/s seguinte/s suposto/s do artigo 3 das bases.


3.1  3.2.a  3.2.b  3.2.c  3.2.d  3.2.e  3.2.f

Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.

Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e apartado 5 do artigo 34 da mesma.

Que a persoa solicitante se compromete ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Que a persoa solicitante se compromete á comunicación das subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar á maior brevidade posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma, sen que en ningún caso, no seu conxunto, superen o 100% dos gastos subvencionables.



CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)



## CONCELLO DE MUROS

P1505400J  
Curro da Praza, nº 1. 15250 – MUROS (A CORUÑA)  
Tel. 981826050 | [alcaldia@muros.gal](mailto:alcaldia@muros.gal)  
[www.muros.gal](http://www.muros.gal)

### 6.- DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

#### No caso de persoa física


- DNI/NIE
- Certificado actualizado de Situación Censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal ou no seu caso o do local de desenvolvemento da actividade.
- Certificados de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e fronte a Seguridade Social (TGSS), no caso de non autorizar ao Concello a súa consulta.
- Xustificante pago Autónomos período liquidación marzo 2020
- Modelo de designación de conta bancaria ou certificación bancaria.
- Relación nominal de traballadores e documento de liquidación do mes de marzo do 2020, emitidos pola Seguridade Social.
- En relación con outras subvencións, axudas, recursos ou ingresos concedidos ou solicitados:
  - Non solicitou nin recibiu ningunha outra subvención, axuda, recurso ou ingreso para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.
  - Si solicitou e/ou recibiu outras subvencións, axudas, recursos ou ingresos para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

En Muros,  de  do 2020.

Asdo.





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

## ANEXO II

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE MUROS (A CORUÑA) E \_\_\_\_\_ QUE REXERÁ PARA AS AXUDAS A PERSOAS AUTÓNOMAS AFECTADAS POLA SUSPENSIÓN OU PECHE DOS LOCAIS AO PÚBLICO SEGUNDO O ESTADO DE ALARMA DECRETADO POLO GOBERNO E PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE MUROS CO FIN DE PALIAR OS EFECTOS PROVOCADOS POLA EMERXENCIA SANITARIA DO COVID-19**

### REUNIDOS


Dunha parte, a alcaldesa do Concello de Muros, D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E doutra D. \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_, actúa en nome propio, e domicilio \_\_\_\_\_

As dúas partes recoñécense entre si a capacidade xurídica suficiente e o poder bastante para obrigáranse neste convenio e, para este efecto.

### EXPOÑEN

1. O Concello de Muros ten pretensión de dotar no ano 2020 un crédito inicial na aplicación 20/241.47000 do Orzamento Municipal para ese exercicio en concepto a transferencias correntes para o 2020.
2. O Concello de Muros, ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID-19 debe axudar a paliar as perdas económicas ás persoas dadas de alta no réxime especial de traballadores/as autónomas afectadas pola declaración do estado de alarma e contribuír ao mantemento da súa actividade económica promovendo a reactivación económica no municipio.
3. A actividade que desenvolve \_\_\_\_\_ veuse afectada economicamente pola declaración do estado de alarma provocado polo COVID-19.
4. O artigo 28.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións de concesión directa.



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

5. Que debido ao obxecto subvencionable, consistente en protexer o interese xeral da veciñanza de Muros dando cobertura ás persoas autónomas que mantiveron os seus establecementos pechados pola crise sanitaria.

Por todo o anterior, todas as partes interesadas acordan formalizar este convenio para establecer as obrigas e dereitos de cada unha delas atendendo ás seguintes,

### CLÁUSULAS

#### **(1ª) PRIMEIRA. OBXECTO, ÁMBITO TERRITORIAL E COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONES**


1. O obxecto deste convenio é contribuír dende o Concello de Muros a axudar a paliar as perdas económicas ás persoas autónomas afectadas pola declaración do estado de alarma e contribuír ao mantemento da súa actividade económica promovendo a reactivación económica no municipio de acordo cos seguintes fundamentos xurídicos:

- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

2. Gastos subvencionables. Serán gastos subvencionables os efectivamente realizados e pagados no período comprendido entre 14 de marzo ao 13 de setembro de 2020, correspondentes aos seguintes gastos,

- Gastos ocasionados polas medidas de seguridade implantadas debidas ao COVID-19.
- Gastos de aluguer.
- Soldos e seguros sociais do/a empresario/a.
- Reparacións e conservación.
- Primas de seguros (parte proporcional correspondente aos 6 meses).
- Subministracións e gastos correntes: auga, teléfono, electricidade, gas, servizos de seguridade e outros gastos análogos.

3. As subvencións reguladas neste convenio serán compatibles con outras axudas ou subvencións percibidas polas entidades beneficiarias para a mesma finalidade procedentes doutras entidades públicas ou privadas. A súa suma non poderá superar o gasto total das actividades que son obxecto deste convenio e descritas anteriormente.



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)


## **(2ª) SEGUNDA. ÁMBITO TEMPORAL E VIXENCIA**

Este convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020, sen prexuízo da realización das accións de control que se deriven unha vez finalizada a súa vixencia.

## **(3ª) TERCEIRA. OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS**

De acordo coas bases de execución do orzamento e coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, d. \_\_\_\_\_, obríganse a:

1. Presentar no prazo de dous meses dende a sinatura deste convenio e en todo caso antes do 31/12/2020 facturas orixinais ou fotocopias compulsadas pola Secretaría da corporación ou autenticadas ante notaría xustificativas dos gastos efectuados que teñan relación directa ou indirecta co obxecto deste convenio, cos requisitos formais e materias esixidos polo RD 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Considéranse gastos subvencionables os previsto no punto 2 da cláusula primeira deste contrato.
2. Presentar xustificantes do gasto realizado cos requisitos do parágrafo anterior por importe equivalente á cantidade a abonar, en caso contrario o importe da axuda reduciríase ata a cantidade xustificada, procedendo ao inicio do expediente de reintegro.
3. Antes de realizar calquera pagamento, presentar acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social no caso de non ter autorizado ao Concello a consulta na solicitude.
4. Comunicar ao Concello de Muros por escrito a solicitude e obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou ente público.
5. Se é o caso, comunicar por escrito a modificación das circunstancias que motivaron a concesión da subvención.
6. Atender calquera requirimento realizado pola Intervención municipal no exercicio das funcións de control financeiro que lle atribúe o artigo 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o artigo 214 do RD legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
7. Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando tanta información lles sexa requirida no exercicio das anteriores actuacións.
8. As previstas con carácter taxado no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

#### **(4ª) CUARTA. OBRIGAS DO CONCELLO DE MUROS**

1. O Concello de Muros realizará o pagamento anticipado previa acreditación polo beneficiario de estar ao corrente no cumprimento da obrigas tributaria e fronte a Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, da cantidade de \_\_\_\_\_ € con imputación na partida 20/241.47000 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal de 2015 -prorrogado no exercicio 2020, no seguinte número de conta:

- Apelidos e nome do titular
- Número de conta
- Entidade bancaria

2. A entidade beneficiaria queda exonerada da constitución da garantía para a tramitación deste pagamento.

#### **(5ª) QUINTA. PRAZO E MODALIDADE DE XUSTIFICACIÓN**

1. D \_\_\_\_\_, asume o compromiso ante o Concello de Muros, no prazo de dous meses dende a sinatura deste convenio e en todo caso antes do 31/12/2020 mediante a presentación da seguinte documentación:

- a) Facturas de gasto de acordo co establecido no número 1 da cláusula terceira deste convenio.
- b) Declaración doutras axudas e subvencións solicitadas ou percibidas por outros organismos para a mesma finalidade.

2. Tanto a ampliación do prazo de xustificación como os prazos de emenda da documentación xustificada rexerese pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.


#### **(6ª) SEXTA. PERDA DO DEREITO DE COBRO**

Producirase a perda do dereito de cobro total ou parcial da subvención por falta de xustificación no prazo fixado no parágrafo 1º da cláusula terceira deste convenio, e pola concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### **(7ª) SÉTIMA. REINTEGRO**

1. Procederá o reintegro das cantidades percibidas cando recaia resolución xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación da resolución de concesión.

2. Tamén procederá o reintegro e a esixencia de intereses de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde o procedemento de reintegro nos casos



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

previstos no artigo 37.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. O procedemento de reintegro será o establecido no Capítulo I e II do Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**(8ª) OITAVA. INTERPRETACIÓN E CUMPRIMENTO**

1. As dúbidas que se presenten na súa interpretación, e cando se formulen discrepancias, serán resoltas pola Alcaldía do Concello de Muros, previo informe da Secretaría e Intervención municipal.

2. O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente da súa rescisión, dando lugar ao reintegro que en cada caso proceda.

3. Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo.


4. En todo o non previsto neste convenio, estarase ao disposto nas seguintes ordenacións xurídicas:

- f) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- g) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia.
- h) Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- i) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- j) Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- k) RD legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, nas Bases de execución do orzamento, e demais disposicións de aplicación.

**(9ª) NOVENA. EFICACIA E ENTRADA EN VIGOR**

As obrigas económicas previstas neste convenio entrarán en vigor a partir do día seguinte en que sexa executivo o expediente núm. 235/2020 (4/2020TCV) de transferencia de crédito, quedando condicionada a súa eficacia a previa xustificación da existencia de dotación orzamentaria no Orzamento Municipal de dito exercicio, ou na prórroga do vixente, extremo que se acreditará mediante a incorporación ao mesmo do documento AD, sen que sexa preciso trámite adicional algún.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións, estendéndose por triplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

En proba de conformidade, asinamos en exemplar duplicado, no lugar e na data que se indican a seguir.

Muros,

A alcaldesa do Concello de Muros

O/a Empresario/a

**ANEXO III**

**MODELO MEMORIA XUSTIFICATIVA**


**AXUDAS EN RÉXIME DE CONCESIÓN DIRECTA DIRIXIDAS A TRABALLADORES/AS DO RÉXIME ESPECIAL DE AUTÓNOMOS DA SEGURIDADE SOCIAL AFECTADAS POLA SUSPENSIÓN OU PECHE DOS LOCAIS ABERTOS AO PÚBLICO POLO ESTADO DE ALARMA DECRETADO POLO GOBERNO E PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE MUROS CO FIN DE PALIAR OS EFECTOS PROVOCADOS POLA EMERXENCIA SANITARIA DO COVID-19**

1. Datos do beneficiario

--	--	--	--

2. **Memoria de actuación xustificativa** do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos

--



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

--

**3. Declaración dos gastos**

Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade realizada

Acredor	CIF	Concepto	Nº documento	Data emisión	Importe C/ IVE	Data pagamen

**4. A persoa representante declara**

Que en relación con outras subvencións, axudas, recursos ou ingresos concedidos ou solicitados:

“ Non solicitou nin recibiu ningunha outra subvención, axuda, recurso ou ingreso para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.

“ Si solicitou e/ou recibiu outras subvencións, axudas, recursos ou ingresos para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:


Muros, de 2020

E sen máis asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, cando son as trece horas e cincuenta minutos, de todo o que eu como secretaria dou fe.

A secretaria Xeral.

Documento asinado electrónicamente